

ANTONIO FILGUEIRA VIEITES,
TROTAMUNDOS REVOLUCIONARIO

Nas páxinas do voceiro socialista “El Obrero”, aparecía na II República unha columna baixo o título “Cartas a un americano”. Esta columna recollía noticias da vida local e nacional narradas a xeito de carta a un emigrante ausente, que eran asinados polo seu autor co pseudónimo de “El hombre que ríe”. Tras este nome agachábase un dos máis activos militantes sindicais da comarca de Ferrol no primeiro terzo do século XX.

“El hombre que ríe”, nacido como Antonio Filgueira Vieites en 1871, era un pintor ferrolán que ao longo da súa vida desenvolvera unha incansábel actividade de axitación social en Ferrol e por varios países latinoamericanos. A súa aparición no cenario sindical en Ferrol produciuse en 1910, co gallo das folgas contra a “Sociedad Española de Construcción Naval” (SECN), recién establecida na cidade. O seu verbo fácil e apaixonado causoulle entón o primeiro dos seus numerosos disgustos coa xustiza, levándoo por tres meses ao cárcere municipal. Daquela Antonio Filgueira era xa un curtido militante sindical, con experiencia no movemento obreiro brasileiro entre 1902 e 1905 e na Arxentina, cara a 1908.

Aos poucos meses da súa participación nas folgas contra a SECN foi novamente procesado e, con tal motivo, emprendeu o camiño da emigración a Cuba. Alí vencellouse ás actividades das sociedades obreiras socialistas, e participou nas reivindicacións dos traballadores das cloacas, xunto a outro militante socialista de orixe galega chamado Severino Chacón. Por estas actividades, os dous activistas galegos foron deportados no verán de 1911, a pesar das protestas de boa parte da colonia galega na Habana, que intercedeu por eles. De volta na Coruña, Chacón salientaría como líder das traballadoras da Fábrica de Tabacos da Coruña até a guerra civil.

Tras estar algún tempo en Ferrol e despois de varios procesos xudiciais, Vieites emprendeu unha nova marcha; desta volta, e tras pasar por Barcelona, recalou no Brasil. Nesta época brasileira Vieites tivo unha sinaladísima intervención na folga dos portuarios de Santos, en outubro de 1912. Cando a Confederação Operária Brasileira (C.O.B.) decidiu facer propaganda en Europa contra as leis de expulsión do seu país, elixiu para iso ao sindicalista ferrolán, que no


ELISEO FERNANDEZ

ano de 1913 percorreu Madrid, Ourense, Vigo, Pontevedra, Lisboa e outras cidades, celebrando mitins e conferencias.

O máis salientábel da actividade propagandística de Vieites tivo lugar en 1915. Eran os tempos da I Guerra Mundial, e en boa parte do mundo as sociedades obreiras trataban de contrapor o seu internacionalismo aos afáns guerreiros dos distintos gobernos, celebrando congresos nos que estiveran representados proletarios de todos os países. O Congreso convocado polo Ateneo Sindicalista Obrero e celebrado en Ferrol na primavera de 1915 foi un daqueles intentos de frear a guerra, e Vieites foi un dos seus organizadores. A finais do mesmo ano, e, de volta no Brasil, participou na comisión organizadora do Congreso pola Paz que a C.O.B. efectuou no Rio de Janeiro, xunto a Astrojildo Pereira (aos poucos anos, o fundador do Partido Comunista de Brasil).

Anos andados Antonio Filgueira Vieites estableceuse en Ferrol e aínda houbo de sufrir varios procesos polas opinións vertidas nos xornais “El Obrero” de Ferrol (en 1919) e “Acción Socialista” de La Habana (en 1924), mais a súa vida foi estabilizándose e a súa actividade pública pasou a ser máis moderada. Na II República seguía a militar no Partido Socialista e a súa actividade política reducíase ás colaboracións periodísticas e ao apoio ás sociedades agrarias da zona de San Sadurní.

A memoria do máis antiguerreiro dos sindicalistas galegos e dun dos máis coñecidos personaxes do Ferrol do primeiro terzo do século XX remataría perdéndose co estoupido da guerra civil e a súa morte por enfermidade, en decembro de 1937.



Antonio Filgueira Vieites,
un clásico do obreirismo
ferrolán.